



Xan Carlos Fernández Rodríguez con Documento de Identidade nº XXXXXXXX-X actuando en nome e representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e con enderezo a efectos de notificación na Avda.de Buenos Aires, 81- 4º Esd. (Ourense) C.P. 32004 Ourense

### **EXPÓN**

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) vén de tomar coñecemento do tratamento con produtos fitosanitarios que se vai aplicar a Xunta de Galiza ás carballeiras de 16 concellos de Ourense para combater a *altica quercetorum* (pulguiña dos carballos).

De acordo coa Lei 27/2006, de 18 de xullo, que regula o dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

### **Por todo isto, SOLICITA;**

A información solicitada é relativa ao nome, características, provedor e expediente de contratación incoado ao efecto (onde figure o custo orzamentado e a empresa adxudicataria para a prestación do servizo) do produto fitosanitario co que se van fumigar as enormes extensións das carballeiras do sul-occidental das comarcas ourensás, debendo remitirse tal información no prazo dun mes desde a entrada en rexistro xeral da administración competente (art. 10. 2. c.1.10 da citada Lei), manténdonos informados da tramitación que se lle dea.

En Ourense, no 19 de abril de 2010

Asdo.: Xan Carlos Fernández Rodríguez

**SR. DELEGADO TERRITORIAL DA XUNTA DE GALIZA EN OURENSE**